

# A toponimia de Riós

Vicente Feijoo Ares

## Parte I: Introducción

Algunhas consideracións teóricas arredor da toponimia galega e a aplicación práctica sobre a toponimia do concello ourensán de Riós.


### O traballo de recolleita en campo

A microtoponimia do concello de Riós foi recollida por un servidor dentro do marco do Proxecto Toponimia de Galicia. Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, nace no ano 2000 da necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo e que se ve ameazado pola transformación demográfica que está a sufrir Galicia e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a microtoponimia galega (nomes de terras, penedos, fontes, regueiros, muíños, camiños, cons, baixíos, cantís...), confeccionando unha gran base de datos a través dunha exhaustiva e coitada recoleita oral, transcripción e revisión científica de cada topónimo que finalmente será:

- **Catalogado** segundo parámetros lingüísticos e xeográficos.
- **Normativizado** lingüisticamente pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia.
- **Localizado** na cartografía (ortofotos aéreas) do SITGA (Sistema de información territorial de Galicia)

Deste xeito, poderemos contar cunha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proxecto emprega unha novedosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIX



*Este é un pequeno recorte dunha destes mapas toponímicos onde se poden apreciar algúns dos nomes que se rexistraron arredor da aldea de Riós, onde está a capitalidade do concello.*

(Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.

Podemos dicir que o concello de Riós foi o pioneiro neste proxecto, tanto no traballo de campo como no resto de fases e procesos que sofre a información toponímica ata que chega ás mans dos concellos en soporte papel e, en breve, en formato dixital para consultar a través de Internet.

O resultado final deste traballo está exposto na Casa da Castaña (Barrio da Igrexa, A Chaira) deste concello de Riós. Consta de 16 mapas toponímicos a escala 1:5000 que cubren o territorio de todo o concello onde están situados un total de 4200 nomes. Esta é a información que o proxecto entrega aos concellos, pero neste caso, sendo eu nativo de aquí e tendo en conta que a miña formación e vocación é a Filoloxía, fixen por iniciativa propia unha serie de estudos sobre esta toponimia, dos que parte deles tamén se expuxeron aquí, tales como: un estudo das características lingüísticas do galego desta zona do sueste ourensán a través da toponimia; unha clasificación semántica dos nomes dependendo das distintas moti-

vacións que lle deron vida; un estudo da abundante toponimia relacionada coa castaña; a toponimia motivada por lendas fantásticas ou históricas; os étimos e o significado dos nomes das 35 aldeas do concello...

Tiveron que pasar 5 anos para que a toponimia deste concello chegase a este estado. Hai que ter en conta que este proxecto traballa a nivel de toda Galicia e esta ten 315 concellos, durante estes anos estivemos recollendo nomes doutros concellos que se acolleron ao proxecto. Ademais, a información de campo ten que pasar por unha serie de procesos, que vos explicarei dun xeito resumido e sinxelo, facendo, se me permitides a licenza, un símil coa transformación da castaña (xa que é o produto estrela de Riós), desde que se recolle nos soutos ata que sae un produto elaborado con ela de venda ao público. Porque a castaña, ao igual que os topónimos, formaron parte ao longo dos séculos da vida das xentes que poboaron este concello.

No ano 2000, un sevidor comezou a recoller os nomes de terras, fontes, muíños, pedras, regueiros...






*Outro recorte dun mapa toponímico correspondente a parte do termo das aldeas da Silva e San Paio.*

en cada unha das aldeas deste concello axudado polos veciños de maior idade que son os que máis topónimos saben, é dicir, empecei a recoller a materia prima que son as castañas coa axuda dos maiores que son os que, por experiencia, máis entenden de castañas. Fun situando os nomes en ortofotos aéreas, de maneira que cada un quedase enriba do espazo que identificaba, podemos dicir que este foi o soporte dos nomes, de igual maneira que as cestas son o soporte sobre o que se recollen as castañas. Despois de varios meses, xuntei un total de 4200 topónimos, ou sexa, unhas 4200 castañas. Rexistrados os nomes e situados nas fotos aéreas, introdúcense nunha base de datos que vén sendo como o saco no que se “bazan” as castañas. Esta base envíase á oficina do proxecto no SITGA onde un grupo de filólogos, entre os que me incluío, supervisan, filtran e depuran esta información, igual que as castañas van dos soutos para un almacén e alí, pasan por unha “criba” que selecciona as boas e grandes caendo as pequenas e ruíns. No seguinte proceso entra en xogo a

Comisión de Toponimia da Xunta, órgano legal formado por expertos filólogos encargado de estudar e fixar as formas oficiais de cada un destes nomes, vén sendo o control de calidade que aplican nunha planta de transformación da castaña os científicos no laboratorio, analizando a súa textura, sabor e calidade. No seguinte paso, os nomes xa normativizados sofren un proceso de dixitalización en ortofotos aéreas no que se aplican tecnoloxías en SIX (Sistemas de Información Xeográfica), ao igual que unha castaña pasa por unha serie de máquinas que a trituren ou que lle engaden colorantes, conservantes, zucre e chocolate.

O traballo exposto é o resultado final de todo este proceso, as fotos aéreas cos nomes normativizados e localizados no centro do espazo que denominan, é dicir, os topónimos tal como agora os vemos serían os *marron glacé*, ou sexa, as castañas cubertas de chocolate, o produto elaborado que sae da planta de transformación da castaña.



Mapas toponímicos expostos na Casa da Castaña de Riós.



Estudo da toponimia relacionada coa castaña.

### Algunhas consideracións encol da toponimia galega

Os primeiros cálculos deste proxecto falaban de que en Galicia existen máis de 3 millóns de topónimos (nun artigo da Voz de Galicia ao respecto, dicíase que Galicia pasaba de ser o país dos tres millóns de

vacas ao país dos tres millóns de topónimos). Aos máis de 37.000 nomes de entidades de poboación, habería que unir toda a toponimia menor que ten cada un destes lugares que representan case a metade do conxunto de núcleos de poboación españois. Descontada a lingua común, non temos acervo de tal consideración en ningún outro aspecto da cultura.



Se hai algo máis duradeiro que unha pedra, que un cadro, que un libro, incluso que a memoria humana mesma, é o nome dunha cousa.

A exaltación da riqueza e variedade da toponimia galega é case un tópicos desde que o proclamou, hai douscentos cincuenta anos, o Padre Sarmiento, o gran precursor da ciencia onomástica. Todos os especialistas do mundo que se ocuparon da toponimia galega repararon no tesouro do noso patrimonio onomástico, xa que segundo Kremer (1998<sup>a</sup>) en Galicia atópanse documentadas practicamente todas as posibilidades de denominacións toponímicas.

Esta abundancia de topónimos en Galicia viuse favorecida polos asentamentos poboacionais continuados; pola dispersión dos núcleos de poboación; pola enorme repartición da terra (minifundismo), pola orografía irregular e dificultosa do terreo, cantos máis accidentes presenta o terreo, máis complexo se volve o sistema de denominación do espazo (Álvaro Cunqueiro dicía que Galicia é o país dos mil ríos con outros tantos montes); a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros; a abundante e variada flora e fauna; e a propia idiosincrasia dos galegos de querer porlle un nome a cada anaquiño da súa terra. E non só ás terras, senón ás vacas, aos barcos, aos camiões e aos propios veciños rebautizados con alcumes que se converten en nomes informais pero funcionais e que, ao igual que os topónimos, trásmítense de fillos a netos.

En definitiva, estas circunstancias permitiron que exista en Galicia un abundantísimo e riquísimo manto toponímico en galego que cubre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizándoa e engadíndolle un amplo pouso histórico de incalculable valor.

Actualmente, a transformación demográfica, a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais e a consecuente urbanización do hábitat, ameazan gravemente a conservación deste riquísimo patrimonio que cada aldea posúe. Nos tempos que corremos estamos a observar unha preocupante perda da toponimia menor tanto nos núcleos rurais como nos urbanos, aínda que por ben diferentes motivos.

No caso dos medios rurais, como poden ser calquera un destes concellos da montaña do sueste ourensán, o abandono das actividades agrícolas e gandeiras



Un ambicioso proxecto registrará todos los nombres de la geografía gallega

## El país de los tres millones de topónimos

¿Cómo sería un mapa de Galicia con tres millones de nombres? Sería ilegible, seguramente: los topónimos tendrían que escribirse muy pequeños. En cinco años el «Proxecto Toponimia de Galicia» recogerá y registrará la mayor parte de los topónimos de Galicia, pues muchos de ellos corren el riesgo de morir con el círculo de personas que los conocen.

MARCOS S. PÉREZ SANTIAGO

Galicia es el país de los mil ríos, el millón de vacas y, ahora, de los tres millones de topónimos. Esa es, al menos, la cifra que maneja el Proxecto Toponimia de Galicia, una iniciativa de la Sociedade de Desenvolvemento Comarcal que dedicará los próximos cinco años a contarlos todos. Como nadie tiene tan buena memoria, el plan se va a apoyar en los mapas ya existentes, para

actualizarlos y completarlos, y en más de dos mil fotografías aéreas. El número asusta, es mayor que la cifra total de habitantes de Galicia, lo que significa que toca a más de un topónimo por cabeza, más de cien por kilómetro cuadrado.

El proxecto es ambicioso pero muy necesario, sobre todo si se tiene en cuenta que muchos de estos nombres podrían perderse en los próximos años, debido al envejecimiento de la población de las zonas rurales. El trabajo no estudiará

el significado de los nombres ni tampoco su origen, sin embargo futuros estudios de este tipo sí se aprovecharán de este registro exhaustivo. La parte más valiosa será la recuperación de los microtopónimos: nombres de lugares, arroyos o rocas, «sobre los que nunca se ha hecho nada», indica el profesor Cabeza Quiles, autor de varios libros sobre toponimia.

El conocimiento exacto de estos nombres tiene muchas utilidades prácticas. Por ejemplo, puede servir para resolver litigios territoriales entre ayuntamientos, cuyos límites originales eran lugares llamados Ponte de Pedras brancas o Pedras vermellas. Asimismo, pueden indicar posibles yacimientos mineros, como Montefurado, o el lugar donde se hallan manantiales de agua.

coa conseguente marcha da xente nova cara a vilas e cidades en busca dun futuro mellor, provoca que só queden vellos nas aldeas e que á volta de non moitos anos, a maior parte dos núcleos de poboación desta zona cheguen a quedar baleiros, serán habitáculos de fantasmas e vellas lembranzas, sombras dun pasado glorioso no que estaban ateigados de xente de todas as idades.

Nos medios urbanos ou periurbanos, como pode ser o concello de Vigo, a toponimia desaparece precisamente polo efecto contrario. As vilas e cidades crecen pola chegada da poboación rural e resulta penoso comprobar como numerosos topónimos menores destas vilas van desaparecendo día a día sepultados baixo modernos nomes de rúas ou prazas que, nos máis tristes casos, son síntoma de ignorancia e ausencia de respecto pola toponimia histórica.

Como comentabamos arriba, moitos nomes só teñen existencia na memoria dos nosos maiores e non é esaxerado dicir que con cada vello que morre ou abandona o campo desaparecen tamén ducias de topónimos. Por desgraza, a xente nova, xa non somos transmisores do coñecemento deste patrimonio que perviviu durante longos séculos de boca en boca. Pois ben, O Proxecto Toponimia de Galicia, do que me sinto orgulloso de formar parte, pretende inmortalizalo e cómpre que sexa axiña, nos vindeiros 5-10 anos, senón corremos o risco de perder gran parte deste tesouro cultural.

Os nosos antepasados bautizaron cada un dos lugares na lingua que sabían e falaban, que non era o outra que o **galego**. A inmensa maioría dos topónimos transmitíronse de xeración en xeración por vía oral, de pais a fillos e así sucesivamente ata chegar aos nosos días. Neste longo camiño de transmisión oral sufriron un proceso de evolución lingüística os máis afortunados e perdéronse polo camiño os menos afortunados. Ao non existir unha forma escrita do topónimo nin normalizada, as distintas xeracións polas que se transmite oralmente adoitan a forma que lle supón un menor esforzo articulatorio na súa pronunciación.

Na toponimia recollida neste concello podemos ver a evolución de topónimos como *A Seara da Verea* (documentado así no Catastro do Marqués da Ensenada -1752-) en San Cristovo, que pasou a pronunciarse actualmente como *A Sardabrea*; o popular *Xogo dos Birlos* rexistrouse pronunciado como *O Xugo dos Birlos* en dúas paraxes de Marcelín e Fumaces, curiosamente, un simple cambio de vogal e o feito de que sexa un xogo que non se practica desde hai bastantes anos, fai que a xente non relacione o nome das terras co xogo; *A Costa da Agra* (documentado así no CME), nome dunha paraxe da Pena do Souto, actualmente é pronunciado como *Costraga*; *O Porto Antigo* en Castrelos de Abaixo como *Portantigo* e *O Lobishome* en Pedroso como *O Lisome*.

As deturpacións, moitas veces, adoitan darse pola imposición da lingua castelá en toda Galicia, sobre todo naqueles nomes relacionados coa Igrexa, así, temos nomes castelanizados como *A Iglesia* (por A Igrexa), *A Capilla* (por A Capela), *Os Diestros* (por Os Destros), *A Rectoral* (por A Reitoral), *San Cristobal* (por San Cristovo), *San Esteban* (por Santo

Estevo) ou mesmo *As Vendas da Barreira* que unánimemente se pronuncia como *ventas* na fala cotiá.

Pois ben, este proxecto pretende que cada nome teña como forma oficial a galega, evitando todo tipo de deturpacións, sobre todo as que se deben a influencia do castelán.

### **Que información podemos ver neste patrimonio inmaterial tan valioso que nos legaron os nosos antepasados?**

Os topónimos son herdanza ou resíos de antigas linguas desaparecidas ou pouco coñecidas, moitos deles proceden de linguas anteriores ao latín, das que apenas queda historia e coñecemento. Celtas, ligures, etruscos, fenicios, gregos, romanos, suevos, visigodos, árabes... todos eles deixaron algo de si no noso idioma e nos nomes da nosa terra.

Na toponimia do concello de Riós aparecen palabras galegas que se usaban antigamente nunha determinada zona e que se perderon co paso do tempo ou por contaminación do castelán. Tal é o caso da palabra **esquíu** que se recolleu como nome de dúas paraxes en San Pedro de Pousada e Covelas. Ninguén actualmente sabía que era un *esquíu* (o animal que comunemente aquí denominamos co castelanismo *ardilla*), mais en tempos arrecuados foi verba de uso común como demostra o feito de que quedase fosilizada como topónimo. O mesmo acontece cos **quiobros** e as **quiobras** que aparecen na toponimia de Riós e de Hermisende (Zamora), como denominación de lugares onde había moitas *cobras*, por exemplo *O Val de Quiobros* en Castrelos de Abaixo. En Hermisende aínda usan este vocábulo os máis vellos, pero en Riós xa desapareceu hai tempo da fala viva. Son simplemente dous exemplos pero hai moitísimos máis.

A orixe e significado dos nomes de lugar sempre atraeu a curiosidade da xente. **Reparede por un momento no nome da aldea en que vivides cada un de vós, pensastes algunha vez no que significa, quen llo puxo, cando e por que?**

Ninguén dubida do significado dun nome como *A Touza*, *A Ribeira*, *Os Lameiros*, *O Souto*, *A Rega*, *As Leiras Longas* ou *O Pontón*, porque son palabras

que aínda usamos na fala cotiá. Na súa orixe todos os nomes propios foron nomes comúns, de significado transparente para os falantes. Pero algúns nomes teñen tantos anos que co tempo o seu significado escureceu porque perderon a súa vinculación coa lingua común. Son nomes que na súa orixe nomeaban unha certa realidade ou actividade que hoxe está perdida ou esquecida. Calquera veciño deste concello de Riós sabía hai 500 anos que unha *Filgueira* /*Folgueira*/ *Felgueira* era un *fental*, hoxe en día xa non se usa esta palabra pero quedou fosilizada na toponimia e así sabemos onde abundaban os fentos no momento de bautizar estas paraxes. O mesmo podemos dicir dos topónimos relacionados co pastoreo de vacas, *A Mallada*, e co de cabras e ovellas, *O Sestil*. Palabras que hoxe, por desaparecer estas actividades, xa non se usan na fala cotiá e cada vez menos xente coñece o seu significado.

Esta progresiva opacidade provocou a existencia das **etimoloxías populares** que forman parte da literatura tradicional oral, pero que distan moito de atinar coa orixe, o significado e as historias reais dos nomes. A imaxinación popular intenta conxecturar a orixe do nome recorrendo a analoxías, lendas e explicacións máis ou menos fantásticas. Así, as pegadas de ferradura que había gravadas nun penedo chamado *A Fraga das Ferraduras (O Navallo)*, a etimoloxía popular e a lenda atribuíuno ás pegadas do cabalo de Santiago cando ía saltando de pedra en pedra na súa loita contra os mouros. Segundo Ferro Couselo (1952), estas marcas de ferradura non eran máis que uns sinais de linde de termo ou territorio.

O coñecemento da toponimia dun lugar é un dos aspectos máis esenciais para o coñecemento dun territorio. A toponimia é un valioso tesouro cultural onde están as claves da nosa historia e da nosa cultura. Este conxunto toponímico configura a **paisaxe humanizada** da que falaba un fillo ilustre nado nas nosas terras, Otero Pedrayo, e que Bouza Brey denominou como **paisaxe mítica** dun pobo.

Os topónimos polo tanto, non son máis que esas palabras coas que os nosos antepasados foron nomeando

e recoñecendo ao longo da historia as particularidades do medio físico e dos espazos nos que habitaron humanizándoos e diferenciándoos uns dos outros. Estudando o topónimo, observamos a interpretación que fai a comunidade falante do mundo cultural no que vive. O home nomea cada pedazo de terra para entenderse e para expresar as súas ideas e os seus sentimentos, e desde logo, non o fai ao azar, senón expresando as súas cualidades físicas, o momento histórico, ou o seu propio nome humano como documento de posesión.



*A Fraga das Ferraduras (O Navallo).*

### **Retrincos da historia de Riós a través dalgúns topónimos**

Por medio da microtoponimia do concello de Riós temos acceso a unha información da historia destas terras e das súas xentes que doutro xeito nunca coñeceríamos, unha historia que non figura nos libros. Fagamos pois un pequeno percorrido por algúns destes nomes menores que nos ofreceran algunhas pinceladas do noso pasado:

O propio nome deste concello vén a significar algo así como un val entre montañas sucado por varias correntes fluviais. En efecto, é numerosa a toponimia que deixa constancia da presenza da auga, nomes como *O Regueiro* ou *O Regato* alí por onde pasaba unha corrente de auga, os nomes de fontes cóntanse por centos, algúns tan curiosos como *A Fonte da Perguiza* no Navallo porque daba moi pouca auga ou *A Fonte Cagada* na Pena do Souto porque cheiraba mal a súa auga; *A Veiga* e *A Ribeira* son nomes moi





*Vista panorámica do amplo val que abrangue toda a zona centro do concello de Riós.*

comúns para denominar as terras a carón do río; *As Lamas, Os Lameiros, As Regas...* son topónimos repetidos neste concello e todos eles indican que son prados con abundancia de auga. Sabemos onde abroiaba a auga por nomes como *A Broia* (Castrelos de Cima, Florderrei e San Paio); a mesma auga que saía facendo burbullas en *O Gorgullón* (A Pena do Souto) ou *O Gargalón* (O Mourisco); *A Pingarela* (Covelas ou Castrelos de Cima) indícanos a existencia de fontes que botaban a auga a pingadas e sabemos que o barro para facer as casas e os fornos extraíano en Vilarinho das Touzas e Castrelos de Abaixo de dous lugares chamados *Os Pozos do Barro*. Noutras aldeas obtíñano de paraxes chamadas *O Barreiro, O Barral* ou *O Barro*.

As construcións lévannos a falar das *Pedreiras, das Canteiras e das Louseiras*, de onde sacaban a pedra para facer as paredes e a lousa para os teitos, de todas elas tamén deixa sinal a toponimia. De igual forma, sabemos que houbo fornos de tella, aínda que hoxe

non existen, nas paraxes chamadas respectivamente *O Forno de Tella* en Lamas, *O Forno Tilleiro* na Pena do Souto e *O Fontilleiro* na Silva. Telleiras hai en máis lugares do concello como en Riós –capital– onde posiblemente tamén existise forno.

Pola toponimia podemos coñecer as actividades económicas do pasado neste concello, os lugares onde se fixeron novas fincas por nomes como *As Rozadas* (O Navallo), *A Cernadiña* (Castrelos de Cima), *As Queimadas* (Castrelos de Abaixo), *As Arroxas* (Castrelos de Cima), *A Xariña* (Progo), *A Senra* (Progo), *A Xara Queimada* (Castrelos de Cima)...; os tipos de cultivos e os usos que lle daban á terra os nosos antepasados, por exemplo botaban liño en varios lugares chamados *O Liñar* (Valfarto) ou *Os Liñares* (Fumaces, Cortegada...); trigo en paraxes chamadas *O Val Trigo* (A Pena do Souto), *A Trigariza* (Progo), *As Trigarizas* (A Trepá)... fabas nos lugares chamados *A Fabaca* (Florderrei), *Fabais* (Covelas)... e cabazos en lugares como *O Cabazal* (Riós).



*Río Mente ao seu paso  
pola Veiga do Seixo.*



Sabemos das árbores froiteiras que houbo noutro tempo e onde estaban. É moi común atopar arredor das aldeas terras chamadas *A Pereira, O Pereiro, A Mazaira, As Moreiras, As Figueiras, As Ameixeiras...* A presenza destas árbores deu motivación ao nome, cando o máis probable é que hoxe non queden nin rastro delas. Incluso, polos nomes que lle quedaron ás terras, descubrimos outras árbores froiteiras menos comúns como *O*

*Marmeleiro* na Silva, *As Xinxeiras* na Veiga do Seixo, *A Pavieira* en Fumaces ou *As Caroceiras* en San Pedro de Pousada. Os topónimos deixan constancia da importancia da castaña xa desde tempos moi antigos, pola cantidade de nomes que hai neste concello referidos aos soutos e aos castiñeiros (rexistráronse 109 topónimos que fan referencia a esta árbore), incluso en lugares onde hoxe non hai ningún: *O Soutiño, Soutelo, O Souto Barato,*

*A Fonte da Pedreira  
(Florderrei).*





*O Souto do Outeiro (Riós).*



*As Touzas da Ribeira (Marcelín).*

*O Souto Negro, O Castiñeiro Queimado, O Val do Souto, O Val dos Castiñeiros, O Castañal, etc...*

Tamén deberon existir moitos carballos porque é abundante a toponimia referida a eles: *A Carba, Carballa Curva, O Carballo Viriño, Os Carballais, O Carballo Sonlleiro, O Rebolal, A Touza Grande, A Reboreda, A Robleda...* Respecto das árbores, destacar un par de curiosidades: só existe o nome *Os Acivros* en Castrelo de Cima, posiblemente non houbera máis no resto do concello, e só hai un nome referido á existencia de piñeiros, *O Pino*, en Vilariño das Touzas.

Tamén sabemos onde se atopaban as poucas terras que non estaban traballadas e o tipo de matogueira que tiñan por nomes como *O Toxal, O Uzal, O Carpazal, O Queirugal, O Silvaral, Os Felgueiros, O Carqueixal, Os Rebouzos, O Val do Mato, O Val dos Toxos, O Fental...*

Non menos curioso nos resulta descubrir que o nome de moitas paraxes vén motivado pola existencia de plantas e herbas silvestres que hoxe xa non se atopan nestes lugares como *O Dentrabún* (Fumaces), *A Arzá* (Marcelín), *Os Borraxos* (Pedroso), *O Punxeiro* (Pedroso), *A Arganiza* (Castrelos de Abaixo) ou *A Hedreira* (A Trepá).

Deixando agora a vexetación que abondaba neste concello, pasemos a outra tipoloxía semántica non menos interesante que é a dos nomes dos animais salvaxes e domésticos que circulaban por estas terras. Descubrimos que os osos, xa desaparecidos desde hai moitos anos, tiñan unha gorida en Castrelos de Abaixo nunha fraga chamada *A Pala da Osa*; os lobos debían xuntarse a miúdo en paraxes como *O Val dos Lobos* en Fumaces, *Valdelopo* nas Vendas ou *A Pala dos Lobos* en Marcelín; e as lobas debían criar en lugares como *A Pena Lobeira* (Mirós) ou *A Cavaxe da Loba* en Cortegada. Os mesmos lobos que eran conducidos nas batidas cara a calquera un dos catro foxos que existían neste concello e que a toponimia nos deixa constancia da súa situación. Os máis sonados son o de Fumaces que xa está documentado no Madoz (1853), e o que existe na Serra da Urdiñeira, no lugar chamado *O Boqueiro*, único paso natural por entre as fragas en toda a serra. Alí pódense ver os



restos do muro de pedra para guialos e o pozo onde os lapidaban.

Ademais dos foxos, a toponimia tamén nos indica que outros tipos de trampas se lle poñían aos animais salvaxes, por exemplo temos *Os Icbós* en Marcelín para cazar paxaros e *A Chaira da Trapa* en Castrelos de Abaixo.

Entre os nomes que nos falan da presenza de insectos, abundan neste concello *As Colmeas* e *As Abelleiras* indicando os lugares onde se poñían os cortizos de abellas, pero tamén outros menos comúns como *O Lombo dos Fomigueiros* en Castrelos de Abaixo e *Os Mosqueiros* na Chaira.

Dos nomes referidos a aves e paxaros chámanos a atención a presenza de aguias reais nas paraxes chamadas *A Aguieira* e *O Guiucho* en Castrelos de Abaixo e dos azores no lugar chamado *A Azoreira* no Navallo. Coñecemos os distintos tipos de pequenos paxaros que aniñaban por esta contorna, por nomes como por exemplo *Os Miotos* en San Pedro de Trasverea ou *A Casa das Grallas* ou *Cova das Choias* en Pedroso. Os nosos antepasados adoitaban escoitar o cuco en lugares como *O Val do Cuco* na Chaira ou *O Cuco* en Progo.

Un nome como *As Porqueiras* na Trepá ou en Fumaces indícanos a existencia de piaras de porcos nestes lugares, o mesmo que no *Val de Cuvís* en San Cristovo. Entre os nomes referidos aos animais domésticos destacan pola súa singularidade *Becerra Morta* en Pedroso, *Cabra Asada* na Pena do Souto e un nome totalmente atípico na Silva: *A Ladeira onde se lle matou a vaca ó Xé*. Non esquezamos tampouco os nomes que nos indican os sitios onde pastoreaban antigamente con vacadas como *A Mallada* (Marcelín, O Navallo, Castrelos de Abaixo) e onde se sesteaba con cabras e ovellas como *A Sesta* (As Vendas ou Cortegada) e *Os Sestís* (San Paio).

Os topónimos do concello de Riós tamén nos desvelan os nomes dos propietarios ou fundadores dos núcleos habitados. Deste modo, sabemos que responden a nomes de posesores xermánicos aldeas como *Marcelín*, *Romariz*, *Progo* ou *Domez*. Porén, sen ir a tempos tan arrecuados, os nomes de moitas paraxes infórmanos do nome de pía, apelidos, alcu-



*Flor da xesta.*

*Flor da uz.*







me ou profesión do seu propietario: para o nome temos exemplos abondo como *A Cañada dos Luises* (A Silva), *O Val de Miguel* (O Navallo) ou *O Lombeiro de María Cid* (Progo)...; para os apelidos, *A Viña dos Portelas* ou *O Val de Domínguez* (Castrelos de Abaixo), *O Muíño dos Bolaños* (A Veiga do Seixo)...; para os alcumes, *As Tapadas do Tato* (San Pedro de Pousada) ou *O Lombo da Rabuxa* (Valfarto)...; para as profesións, *O Souto do Ferreiro* (Mirós), *O Souto do Escribano* (Rubiós) ou *A Regada da Capadora* (A Pena do Souto)...

Non quero deixar este apartado dos topónimos que nos informan dos nomes dos antigos propietarios e

poboadores destas terras, sen falar dun aspecto moi interesante que son os nomes relativos ás posesións realengas ou señoriais. Grazas a eles sabemos que o Conde de Monterrei tiña as seguintes posesións neste concello: *O Souto do Conde* en Rubiós, *A Touza do Conde* en Mirós, *O Val do Conde* en Valfarto e *O Conde* en Riós. Os lugares chamados *O Reguengo* (Pedroso e A Pena do Souto) e *O Real* (Riós/Romariz) pertencían ao rei. Non esquezamos tampouco as posesións da Igrexa, que non eran poucas e sempre responden a un nome concreto, *Os Diestros* en Riós, *A Chaira*, *A Tropa*... e os nomes das posesións dos membros da Igrexa, tales como *O Val do Crego* (en Castrelos de Abaixo), *A Fonte do Cura* (Riós), *Os Lameiros do Cura* (A Chaira)...

Os topónimos relativos aos actos relixiosos amósanos os lugares onde tiñan lugar: *O Pondón* e *O Calvario* tanto en Castrelos de Arriba como en Fumaces eran paraxes ás que ían de procesión ou polas que pasaba un *via crucis*. Máis interesante resulta aínda saber onde houbo igrexas e capelas que hoxe xa non existen, pero que deixaron a súa pegada no topónimo que lle quedou ás terras e nas lendas que conta a xente. Por isto, sabemos da existencia destes edificios relixiosos nas paraxes chamadas *A Igrexiña* (O Mourisco, Valfarto e Progo), *A Ermida*

*O Boqueiro* (Serra da Urdiñeira).








na Silva e *A Capela* en San Paio. Tamén en San Benito en Riós, contan os vellos que existiu unha capeliña na honra deste santo da que hoxe non quedan nin os alicerces.

Coñecemos onde se asentaron os primeiros habitantes dos castros por nomes como *O Castro* (Pedroso e San Pedro de Pousada), *O Castelo* (O Navallo e A Chaira), *O Castrillón* (Castrelos de Abaixo), etc. Ademais do nome que alude á construción corroboran estas teorías as lendas que se contan dos mouros nestes lugares e os restos de materiais antigos (cerámica, machetes, rodas de muíño...) que se teñen atopado. Algúns nomes como *As Casarellas* (Covelas), *As Casas Vellas* (A Pena do Souto), *O Chao dos Casares* (Cortegada), *Vilela* (Pedroso) ou *A Poula das Casas* (San Pedro de Pousada) denotan a existencia de casas e poboamentos noutro tempo e dos que hoxe apenas quedan restos de pedra. Nomes como *A Granxa* en San Cristovo son indicativos da existencia dunha antiga explotación agraria medieval neste lugar.

*Igrexa de Santa María de Riós.*





*O Castro de Pedroso.*

Sabemos onde estaban muíños que hoxe xa non existen porque lle quedou o nome de *O Muíño* á ribeira de prados nos que se atopaban e sabemos que existiron pisóns neste concello para abatanar as teas, aínda que hoxe non quede rastro deles. Estes estaban nos lugares chamados *O Pisón* na Veiga do Seixo, *O Pisón* en Cortegada, *Os Pisós* en Fumaces e *O Pisón de Arriba* e *O Pisón de Abaixo* en Rubiós. O mesmo poderíamos dicir das Ferrerías que tamén existiron no Navallo, Vilariño das Touzas e Fumaces. Só sabemos que existiron porque lle quedou o nome ás terras e nalgún caso fálase de que os avós, cando araban nestes lugares, atopaban restos de pezas de ferro e escorias.

Polos nomes relativos ás vías de comunicación soubemos cales eran os camiños máis antigos que cruzaron este concello así como as calzadas romanas, onde estaban as pontes e *pontós* para cruzar os regueiros e sobre todo para atravesar o río que nos separa de Portugal, no que tanta xente pasou por enriba dunha trabe cun saco ao lombo cargado de non se sabe que produtos. Nomes singulares destes

pasos nos regueiros son por exemplo: *As Poldras das Fraguíñas* (O Navallo); *O Porto das Bestas* (O Navallo), *O Porto dos Carros* (Florderrei), *O Porto dos Bois* (Riós)...

Todas as paraxes deste concello chamadas *A Vereia* (ou *Brea*) indican o paso de camiños moi antigos. Algúns deles, como a brea que pasa pola Chaira e sube por Mirós ata saír do concello na caída de Feilas, coincide co trazado actual do Camiño de Santiago, é unha variante da Vía da Prata. Topónimos de situación como *San Pedro de Trasverea* ou *Trasestrada* aluden a estes camiños principais cara a Castela. No concello houbo dúas calzadas romanas, nos lugares chamados *A Calzada* en Fumaces e a carón dos *Lameiros da Calzada* na Chaira.

A existencia destes antigos camiños deixa como legado outro tipo de topónimos que son os relativos ás antigas pousadas ou vendas que se construían no seu trazado e que, como no caso das *Vendas da Barreira*, están na orixe dalgunhas





*O Muíño do Barreira (As Vendas da Barreira).*

aldeas. Respecto da orixe deste topónimo, xa comentaba Xesús Taboada Chivite ter lido un protocolo notarial onde se citaba “Venta da señora Barreira”, polo que confirmaría a teoría da existencia, non de unha, senón de varias vendas rexentadas por unha señora apelidada Barreira, apelido moi común aínda na actualidade nesta aldea. Outros nomes que denotan a existencia destas construcións son a propia aldea de *San Pedro de Pousada*, *A Venda da Mar* en Fumaces, ou nesta mesma aldea *A Parada*, onde existiu unha parada de cabalerías.


Sabemos como valoraban e a sensación que lle producían determinados lugares aos nosos antepasados. Así, unha profunda valgada que hai por detrás da aldea de Castrelos de Cima baixando cara á Veiga do Seixo bautizárona co nome de *Cavanco dos Infernos*, ata tal punto era complicado traballar as terras dese cavanco. Da mesma maneira, a un par de cañadas en Pedroso puxéronlles *Os Brazos do*

*Carro* porque a súa forma era parecida á destes, a mesma percepción deberon ter os que bautizaron outra valgada profunda na Pena do Souto co nome de *O Val das Chedas*, en comparación ás chedas do carro. As semellanzas non se cinguían ao aspecto visual, senón tamén ao sensorial como *A Fontefría* no Navallo ou *O Val Quente* no Monte de Valdegua (A Trepa/Feilas), e incluso facían valoracións sobre a calidade das terras como *O Val Barato*, *O Boval* ou *A Saramá* (A Seara Mala)...

Outros topónimos fálannos no presente dos avatares da vida social no pasado, sendo tamén testemuña dos acontecementos históricos.

Antigamente non todo era traballo, tamén na toponimia quedaron reflectidos os xogos que se practicaban. Como xa comentei antes, hai dúas paraxes neste concello chamadas *O Xogo dos Birlos* (Fumaces e Marcelín), manifestación de dous lugares onde xogaban os pastores aos bolos ou birlos.





Sempre existiron e existirán no agro galego as disputas e as liortas pola posesión da terra, polos marcos e pola delimitación dos territorios e aquí non iamos ser menos. Entre o termo de Vilaríño das Touzas e o de Fumaces existe un monte chamado *O Lombo das Porfías*, segundo a etimoloxía popular, desde tempos inmemoriais os veciños dunha e outra aldea disputáronse a posesión deste monte, porfiando pola súa pertenza. Semellante orixe ten a paraxe chamada *A Querella* en Pedroso, que se debe a unha disputa que houbo pola posesión dunha terra. Malia existiren estas disputas, tamén hai exemplos de terras compartidas en harmonía entre dúas aldeas como é o caso das paraxes chamadas *Medias* entre Rubiós e Fumaces ou *O Val de Medias* entre Covelas e Florderrei.

Ás veces, estes conflitos superaban o marco localista e veciñal, pasando a ser con Portugal ou con

concellos veciños. *A Fraga da Vela* en Castrelos de Abaixo serviu para vixiar a demarcación da raia con Portugal, posiblemente o mesmo que *A Fraga da Vela* de Fumaces serviu noutrora de posto de vixilancia do linde con Vilardevós. Este nome de pedra é moi común ao longo de toda a fronteira de Galicia con Portugal. Outros nomes como *O Facbo* en Castrelos de Cima tamén denotan a existencia destes postos de vixilancia preto da raia.

Volvendo ás actividades comunitarias, son moi habituais os nomes onde algo pertence a todos os veciños, por exemplo *O Muíño do Concello* e *A Preseira do Concello* en varias aldeas, *O Souto do Concello* en Vilaríño das Touzas, *A Touza do Concello* en San Pedro de Pousada ou *A Viña do Común* en San Paio... Eran bens que podían disfrutar os veciños por quendas e segundo as necesidades.

Poderíamos estar ata mañá citando topónimos que nos desvelan tesouros da nosa historia e da nosa cultura, pero isto só pretendía ser unha pequeniña mostra do que podemos

descubrir a través da toponimia dun concello.

Non quero rematar este periplo sen mencionar as lendas fantásticas, sobre todo as dos mouros que tamén deron orixe a moitos nomes como *A Fraga da Moura* en Castrelos de Cima e *A Trepá*, *A Peneda dos Mouros* no Mourisco, *A Fonte dos Mouros* en Rubiós e Romariz... Lendas de santos que teñen vida propia como *A Fraga do Santo* en Vilaríño das Touzas ou *A Fraga de San Fernando* en Fumaces e *A Ermida da Virxe d'ô* na Silva, da que só queda o nome nas terras. Tamén temos paraxes destruídas por invasións de formigas como *Valmedo* entre As Vendas, O Navallo e Pedroso. Así como a lenda do lobishome en Pedroso nunhas fincas chamadas *O Lisome*.

Para concluír, quero facer fincapé en que toda investigación histórica de carácter local ten que



*A Fraga da Moura (Castrelos de Cima).*

botar man da toponimia necesariamente. A toponimia forma parte deses elementos culturais de primeira orde que a Unesco denomina “patrimonio inmaterial” dos pobos. O carácter permanente dos topónimos fainos monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva. É ese enigmático poder que teñen os topónimos de producir fondas resonancias afectivas, evocando recordos históricos e paisaxes xeográficas e actuando así coa forza de verdadeiras raíces que ligan ao home coa súa terra e coa súa historia. Para corroborar isto, non temos máis que preguntarlle aos centenares de emigrantes que se criaron aquí e logo marcharon para América, poderán esquecerse das historias, das xentes...pero xamais se esquecen dos nomes da súa terra natal.

Non estaría ben rematar esta introdución sen facer mención aos verdadeiros protagonistas deste

traballo, os máis de cen informantes, que altruista e xenerosamente me regalaron o seu coñecemento do pasado para perpetuar no futuro, e deixar como herdanza ás novas xeracións, a eterna relación das xentes coa súa terra. Sen a colaboración, interese, ilusión e paciencia destes veciños, a meirande parte deles de idades moi avanzadas, este traballo non sería posible. Para os que agora poden ver a exposición, échanse de orgullo por seren os seus patriarcas e para os que desgraciadamente xa non están entre nós, sirva este traballo de homenaxe e recoñecemento á súa sabedoría popular e á súa bondade por compartila connosco, especialmente ao meu avó, Vicente Ares Vaz, que me ensinou a ser persoa e me transmitiu o amor pola miña terra.

Goethe dicía que “o que converte a vida nunha bendición non é facer o que nos gusta, senón que nos guste o que facemos” e a min apaixóname o que fago.





Museo "Devanceiros". Os Milagres.

**ELIGIO RIVAS QUINTAS, C.M.**

Fondo de Vila-Abeleda, Xunqueira de Ambía, Ourense, 1925.

Doutor en Filoloxía Románica, correspondente da Real Academia da Historia e membro da Comisión de Toponimia e de Heráldica da Xunta de Galicia. Investigador da lingüística e da etnografía galega, autor de numerosos traballos entre os que podemos destacar *A Limia* (Premio Otero Pedrayo,

1980); *Lingua Galega, historia e fenomenoloxía*, 1989; *Onomástica persoal do NO hispano*, 1991; *Tear, tecido e complementos*, 1992 (Premio Taboada Chivite, 1988); *Lingua galega, niveis primitivos*, 1994; *Millo e hórreo*, 1996; *O Muíño*, 1997; e moitos outros sobre temas de etnografía (Ferramenta de labranza; O forno; Pan, sega e malla; A auga, a rega; Cocíña; Carro, arado e xugo; etc). Así mesmo é o creador e director do Museo Sacro, Científico e Etnográfico dos Milagres.